



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 2 DE OUTUBRO DE 2015

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIRO/AS:

PSdeG-PSOE:

D^a Pilar Sánchez Ulloa

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. José Pardo Álvarez.

D. José Antonio Calviño Gómez.

D^a María Amparo García Pernas.

D. José María Tojo Espiñeira.

PP:

D. José Manuel García Sesmonde.

D. Adolfo Manuel Grobas Vázquez.

Non asisten e se excusan:

PSdeG-PSOE:

D. José Fernando García Lesta.

D. José Piñeiro Blanco.

SECRETARIO - INTERVENTOR :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 2 de outubro de 2015, sendo as catorce horas, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 7 E 21 DE AGOSTO DE 2015.

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración do borrador das actas correspondentes ás sesións sinaladas no epígrafe.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación das mesmas, adoptándose o acordo por unanimidade dos membros presentes.

2. DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO SEGUNDO TRIMESTRE, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

O Sr. Alcalde pon de manifesto que nesta materia producíronse modificacións legislativas e, entre outras cuestións, debe resaltarse que xa non existe, para as entidades de menos de 5.000 habitantes, a obriga de remitir os informes trimestrais de morosidade dos tres primeiros trimestres ao Ministerio de Facenda, e de dar conta dos mesmos ao



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Pleno. A nova regulación establece a obriga de remitir un único informe anual de morosidade ao final de exercicio que avaliará o cumprimento da normativa en materia de morosidade, informe que deberá ser elevado ao Pleno. Por outra banda, mantense a obriga de remitir ao Ministerio de Facenda a información relativa ao período medio de pago a provedores trimestralmente, información que tamén debe publicarse na páxina web do concello, onde calquera pode consultala.

En todo caso, e dado que os informes trimestrais de morosidade se seguen elaborando e así consta na orde do día, voules dar a información resultante das mesmos para o seu coñecemento. Na orde do día faise referencia ao segundo trimestre pero tamén voules a dar os datos do primeiro trimestre xa que este ano, co tema das eleccións, pasóusenos dar conta do primeiro trimestre.

PRIMEIRO TRIMESTRE 2015:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE:

Período medio de pago (PMP): 10,52 días

Pagos realizados no trimestre dentro de período legal de pago: 280 pagos, por un importe total de 140.671,76€.

Pagos realizados no trimestre fora de período legal de pago: 0.

FACTURAS OU DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS PENDENTES DE PAGO AO FINAL DO TRIMESTRE:

Período medio do pendente de pago (PMPP): 3,27 días

Pendente de pago dentro do período legal de pago ao final do trimestre: 27 operacións, por importe de 2.697,88€.

Pendente de pago fora do período legal de pago ao final do trimestre: 0 operacións.

INTERESES DE DEMORA PAGADOS NO PERÍODO: 0,00€

SEGUNDO TRIMESTRE 2015:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE:

Período medio de pago (PMP): 5,38 días

Pagos realizados no trimestre dentro de período legal de pago: 484 pagos, por un importe total de 439.422,98€.

Pagos realizados no trimestre fora de período legal de pago: 0.

FACTURAS OU DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS PENDENTES DE PAGO AO FINAL DO TRIMESTRE:

Período medio do pendente de pago (PMPP): 7,55 días

Pendente de pago dentro do período legal de pago ao final do trimestre: 28 operacións, por importe de 35.743,55€.

Pendente de pago fora do período legal de pago ao final do trimestre: 0 operacións.

INTERESES DE DEMORA PAGADOS NO PERÍODO: 0,00€

Os Sres. Concelleiros quedan enterados.

Non habendo máis intervencións, pásase ó seguinte punto da orde do día.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

3. MOCIÓNS.

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción.

Non habendo intervencións, pásase ao punto seguinte da orde do día.

4. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA (285-bis/2015 a 340/2015).

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

RELACION DECRETOS DO 285-bis ó 340			
N ^a DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
285-bis	Economía e facenda	Execución do gasto	03/08/2015
286	Economía e facenda	Execución do gasto	04/08/2015
286-bis	Organización e funcionamento	Convocatoria Pleno Ordinario	04/08/2015
287	Economía e facenda	Execución do gasto	05/08/2015
288	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local	11/08/2015
289	Economía e facenda	Execución do gasto	12/08/2015
290	Servizos sociais	Baixa usuario no SAF	14/08/2015
291	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	14/08/2015
292	Economía e facenda	Aprobación liñas fundamentais presuposto 2016	17/08/2015
293	Persoal	Nomeamento secretaria accidental Xulgado de Paz	17/08/2015
294	Intervención e facenda municipal	Aprobación padrón auga 2º ttre. 2015	17/08/2018
295	Contratación	Aprobación cancelación aval	17/08/2015
296	Contratación	Aprobación cancelación aval	17/08/2015
297	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión pleno extraordinario	18/08/2015
298	Cultura	Aprobación memoria actividades Museo Etnográfico	18/08/2015
299	Facenda municipal	Alta Padrón lixo 2016	19/08/2015
300	Economía e facenda	Execución do gasto	19/08/2015
301	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión XGL	25/08/2015
302	Economía e facenda	Execución do gasto	25/08/2015



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

RELACION DECRETOS DO 285-bis ó 340

N ^o DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
303	Economía e facenda	Execución do gasto. Nóminas persoal concello mes agosto 2015	28/08/2015
304	Contratación	Inicio expte. contratación servizo de arquitectura C 10/2015	31/08/2015
305	Contratación	Aprobación extpe. Contratación servizo de arquitectura C 10/2015	31/08/2015
306	Economía e facenda	Execución do gasto.	01/09/2015
307	Economía e facenda	Execución do gasto	02/09/2015
308	Contratación	Inicio expte. contratación servizo mantemento alpu C 11/2015	04/09/2015
309	Contratación	Aprobación expte. contratación servizo mantemento alpu C 11/2015	04/09/2015
310	Persoal	Nomeamento secretaria accidental	04/09/2015
311	Acción Veciñal	Concesión axuda económica por nacemento de fillo	07/09/2015
312	Economía e facenda	Execución do gasto	07/09/2015
313	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión XGL	08/09/2015
314	Economía e facenda	Execución do gasto	09/09/2015
315	Economía e facenda	Devolución ingreso indebido	09/09/2015
316	Economía e facenda	Devolución ingreso indebido	09/09/2015
317	Economía e facenda	Xeración de crédito 16/2015	10/09/2015
318	Economía e facenda	Xeración de crédito 17/2015	10/09/2015
319	Economía e facenda	Execución do gasto	14/09/2015
320	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	14/09/2015
321	Contratación	Aprobación contrato menor mixto subministro e obra	15/09/2015
322	Contratación	Aprobación contrato menor mixto subministro e obra	15/09/2015
323	Economía e facenda	Xeración de crédito 18/2015	15/09/2015
324	Obras e urbanismo	Concesión licenza definitiva expte. ACOM 06/2006	16/09/2015
325	Servizos Sociais	Modificación intensidade usuario SAF	16/09/2015
326	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	16/09/2015
327	Contratación	Requirimento doc. Expte. contratación C 10/2015	18/09/2015
328	Acción veciñal	Concesión axuda económica por nacemento de fillo	18/09/2015
329	Economía e facenda	Execución do gasto	21/09/2015
330	Economía e facenda	Execución do gasto	22/09/2015
331	Acción veciñal	Aprobación bases convocatoria axudas transporte escolar	22/09/2015
332	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión XGL	22/09/2015
333	Economía e facenda	Execución do gasto	23/09/2015
334	Acción veciñal	Concesión axuda económica por nacemento de fillo	25/09/2015



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

RELACION DECRETOS DO 285-bis ó 340

Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
335	Economía e facenda	Liquidación SAF mes xullo 2015	25/09/2015
336	Obras e urbanismo	Aprobación certificación e factura contrato suministro e obra C08/2015	25/09/2015
337	Facenda municipal	Modificación beneficiario Padrón lixo 2016	26/09/2015
338	Contratación	Aprobación cancelación aval obra	26/09/2015
339	Contratación	Aprobación cancelación aval obra	26/09/2015
340	Economía e facenda	Devolución ingreso indebido	28/09/2015

Non habendo intervencións, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

5. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 31 DE XULLO, 13 E 27 DE AGOSTO E 10 DE SETEMBRO DO 2015.

Manifesta o Sr. Alcalde que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, por si alguén quere algunha aclaración ou manifestar o que estime oportuno.

Non manifestando nada ó respecto ningún concelleiro, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

6. ROGOS E PREGUNTAS.

Pregunta o Sr. García Sesmonde pola posibilidade de que se fora a dar unha clase pilates á parroquia de Lanzá, xa que hai dous grupos e un non ten monitor. Manifesta a Sra. Sánchez Ulloa que xeralmente a inscrición neste tipo de actividades faise por convocatoria no boletín, pero visto que trátase dun caso excepcional falarei coa monitora para intentar darlles unha hora.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as catorce horas e trinta minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario – Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,